

*Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se publica a adxudicación definitiva de destinos do concurso de traslados específico entre persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria, de educación primaria e de educación especial dependentes desta consellería (código de procedemento ED013A).*

Mediante Orde do 21 de novembro de 2023 foi convocado concurso de traslados específico entre o persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria, de educación primaria e de educación especial dependentes desta consellería (código de procedemento ED013A) (DOG núm. 230, do 4 de decembro).

A base décimo sexta, sobre resolución definitiva do concurso, establece que, consideradas, de ser o caso, as reclamacións e renuncias ás que se refire a base décimo quinta, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos procederá a ditar a resolución definitiva da adxudicación e a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web desta consellería ([www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)).

Na súa virtude, de conformidade co que antecede, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Adxudicar e publicar na páxina web desta consellería ([www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)/) destino definitivo ao persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura de departamento de orientación nos centros que alí se especifican.

Segundo. Aprobar e publicar as relacións definitivas de persoas excluídas na páxina web desta consellería polas causas que se indican.

Terceiro. O persoal que resulte adxudicatario, ademais de prestar servizos no centro base indicado na adxudicación, está obrigado a desprazarse, ademais de aos centros compartidos que figuran nos anexos III e IV da orde de convocatoria, aos centros que se lle adscriba, conforme ao establecido no Decreto 120/1998, do 23 de abril.

Cuarto. O persoal funcionario do corpo de mestres que obteña destino definitivo no presente concurso exercerá a xefatura do departamento de orientación con carácter definitivo e tomará posesión con efectividade do 1 de setembro de 2024 e o cesamento no seu destino de procedencia será do 31 de agosto deste ano.

Quinto. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben poderán formular directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo que resulte competente no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela  
O director xeral de Centros e Recursos Humanos  
Jesús Manuel Álvarez Bértolo

